

**INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO
PROGRAMA MAÑANCEIRO CURSO ESCOLAR 2022-2023.
CEIP PORTOFARO**

Información sobre a administración de **MEDICAMENTOS:**

O persoal de A Billarda SL (empresa que leva a cabo o programa) non administrará ningunha medicación salvo estricta prescripción médica que xustifique a necesidade irremediable de facelo durante o servizo. Dita prescripción detallará a medicación pertinente, cantidade e modo de consumo. Estudarase cada caso particular no caso de solicitalo por rexistro de entrada municipal a familia interesada.

Información sobre o **MENÚ:**

MENÚ “MAÑANCEIRO” CURSO ESCOLAR 2022/2023				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
LEITE	LEITE	LEITE	LEITE	LEITE
CEREAIS MILLO	TORRADAS	GALLETAS	CEREAIS CHOCOLATE	GALLETAS
FROITA	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA

ESPECIFICACIÓNS:

- *O leite, si se desexa, acompañarase de cacao.
- *As torradas poderán acompañarse de marmelada ou aceite de oliva virxe extra.
- *As galletas serán variadas: galleta “María”, multicereal, con fibra...
- *A froita variará segundo a tempada: mazá, pera, plátano, melón, mandarina... cambiará cada diaria.
- * Haberá menú especial (adaptado) para aqueles/as menores con alerxias e/ou intolerancias que o soliciten e presenten xustificación médica.

Información sobre **BAIXA o **CAMBIO DE MODALIDADE**:**

Se precisa modificar a modalidade de inscrición na que inicialmente o seu fillo/a está matriculado/a ou dar de baixa deberá notificalo, antes do 25 do mes que corresponda, ao Concello de Cambre **a través do rexistro de entrada municipal (presencialmente ou a través da sede electrónica).**

Os cambios entrarán en vigor e faranse efectivos ao mes seguinte da notificación.

As inscricións que se realizan para o mes en curso, serán na modalidade na que se inscribe, sen ter en conta o número de días que asista. Para que non se cobre o mes completo aínda que non asista deberán empezar no seguinte mes ou comezar con días soltos (previa solicitude).

Información ENTRADAS E ESPAZOS:

PORTOFARO:

- ENTRADA: Porta pequena exterior pola que se accede ao comedor.
- HORARIO DE ENTRADA: de 7.30 a 8.50. (para almorzar teñen que estar antes das 8:40)
- ESPAZOS:
 - Comedor
 - Biblioteca
 - Pista deportiva cuberta
 - Ximnasio

Cambre, 5 de setembro de 2022.